



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Cultura

Bases cabalgata de Entroido e bases - convocatoria entidades colaboradoras Entroido 2022

ANUNCIO

Por resolución do concelleiro delegado da Área de Contratación e Cultura nº 186/2022 do 8 de febreiro de 2022, aprobáronse as bases para a cabalgata de Entroido 2022 e as bases-convocatoria para entidades colaboradoras na cabalgata de Entroido 2022, que se transcriben deseguido:

BASES CABALGATA DE ENTROIDO 2022

O Concello das Pontes, a través da Concellería de cultura propón as bases para a participación na Cabalgata de Entroido 2022 que se celebrará o martes día 1 de marzo.

1.- Participantes: poderán participar todas as persoas que así o desexen e teñan a ben cumprir a normativa que aquí se expón.

2.- Categorias:

PERSOAS ADULTAS: Grupos, parellas e individual.

Grupos. Distinguirase dous tipos de grupos por número de participantes.

- Grupos de ata 10 compoñentes.
- Grupos de máis de 10 compoñentes.

En ambos casos os grupos deberán incluír un mínimo de 3 persoas adultas (maiores de 14 anos).

*No suposto de que o grupo trouxese unha **carroza:** (estrutura de grandes dimensións sobre rodas, ben sexa auto-propulsada ou remolcada, confeccionada para tal efecto e convenientemente deseñada e decorada). As carrozas deberán cumprir o esixido no Anexo I e respectar a normativa de seguridade aplicable.

No caso de que se produzan danos a bens ou persoas durante a construción, organización e /ou posterior desenvolvemento da cabalgata, a responsabilidade que se derive será asumida solidaria e integramente polos inscritos como participantes na solicitude.

Parellas e individual. Deberán ser maiores de 14 anos.

INFANTIL: grupos, parellas, individual e meniña/os. A idade a máxima para participar na categoría infantil será de 14 anos; a idade máxima para participar na categoría **meniña/os** será de 6 anos.

Cada participante poderá inscribirse na categoría que desexe, tendo en conta a normativa que se especifica nestas bases. Os grupos infantís estarán compostos integramente por nena/os.

3.- Inscricións: as solicitudes de inscrición presentaranse no Rexistro Xeral do Concello das Pontes ou a través da sede electrónica (<https://sede.aspontes.com>) en impreso normalizado para este fin. Este impreso estará tamén dispoñible no departamento de cultura (Casa Dopeso, rúa Rosalía de Castro, 1º andar).

O prazo de inscrición abrirase ao día seguinte da publicación destas bases no BOP e rematará o luns 28 de febreiro de 2022 ás 12:00h. As solicitudes presentadas fora deste prazo serán desestimadas.

Os grupos deberán presentar a seguinte documentación:

Asociacións legalmente constituídas:

- Copia do CIF da entidade
- Certificación de datos bancarios da entidade *
- Documento de sinaturas de todos os participantes cuberto (Anexo II).

Agrupacións informais:

- Copia do DNI da persoa representante da agrupación

- Certificación de datos bancarios da persoa/s representante/s *
- Documento de sinaturas de todas as persoas participantes cuberto (Anexo II).

* O prazo para presentar a certificación de datos bancarios da persoa/s premiada/s rematará o 20 de marzo de 2022. As persoas/entidades que non aporten este documento non poderán cobrar o premio.

4.- O dorsal entregarase no lugar da saída da cabalgata dende as 16:30h. Para retirar o dorsal deberán presentar a copia da inscrición rexistrada. O xurado non avaliará ás persoas participantes que non amosen o dorsal que se lles entrega.

5.- Todas as persoas participantes deberán facer o **percorrido completo** que se especifica nestas bases.

6.- Aquelas persoas participantes que se anoten en categorías que esixan a participación de máis dunha persoa, deberán facer o **percorrido en conxunto**, xa que o xurado só avaliará como participantes ás persoas que acompañen á persoa portadora do dorsal co número co que foron inscritos.

7.- Por motivos de seguridade queda prohibida a participación de calquera tipo de animal na cabalgata, xa sexa desfilando ou como elemento de tracción dalgún tipo de carroza ou similar.

8.-Premios:

PERSOAS ADULTAS

PERSOAS ADULTAS	GRUPOS máis de 10 compoñentes	GRUPOS ata 10 compoñentes	PARELLAS	INDIVIDUAL
1º	700 €	500 €	175 €	125 €
2º	500 €	400 €	150 €	100 €
3º	300 €	300 €	125 €	75 €
4º	200 €	200 €	100 €	50 €
5º	100 €	100 €	75 €	25 €

INFANTIL E MENIÑA/OS

INFANTIL	GRUPOS	PARELLAS	INDIVIDUAL
7 premios	150 €	75 €	50 €

MENIÑA/OS (ata 6 anos)	30 € (máximo 40 persoas participantes)
------------------------	--

A/os premiada/os daranse a coñecer unha vez rematado o desfile diante da casa do Concello. As persoas participantes que resulten premiadas recibirán nese momento un vale polo valor do premio.

O pago dos premios farase ás persoas ou entidades que figuren como representantes na inscrición do concurso por transferencia bancaria. Os premios estarán suxeitos á retención do IRPF de acordo coa lexislación vixente.

A/os premiada/os nas categorías infantís e meniña/os entregáraselles un vale polo valor do premio que será canxeable nos comercios adheridos na campaña da Cabalgata de Entroido 2022.

9.- Á hora de conceder os premios valoraranse aspectos como a orixinalidade, vestiario, maquillaxe, calidade musical, capacidade de representación, coreografía... así como o desenfado e interpretación do disface que representan; nos grupos terase en conta ademais o número de compoñentes.

10.- O Xurado estará formado por persoas designadas pola concellería de cultura, e un representante do Concello de As Pontes, con voz pero sen voto. As decisións do xurado serán inapelables. Algún dos premios poderá quedar deserto por decisión do Xurado. A valoración das persoas participantes levarase a cabo ao inicio e durante o percorrido da cabalgata.

11.- A participación na cabalgata implica a aceptación destas bases.

12.- Se coa finalidade de mellorar a organización e desenvolvemento dos actos programados se considerase conveniente introducir modificacións ao aquí fixado poderá facerse pola comisión organizadora, se ben será notificado antes do comezo da cabalgata.

Saída: Rúa Monte Caxado ás **17:00 horas** do martes 1 de marzo de 2022.

Percorrido: Avda. de Ortigueira, Avda. Castelao, Avda. Galicia, Rúa Rosalía de Castro, Avda. de Ferrol ata o edificio do Concello.

Entrega de premios: os premios daranse a coñecer á chegada ao Concello e entregaranse nese momento. Todas as persoas participantes deberán esperar o anuncio da/os premiada/os xa que a ausencia dos mesmos dará lugar a que o premio se lle outorgue ao seguinte clasificada/o.

ANEXO I.**Grupos que presenten carroza**

1. Cada carroza contará cun tractor ou medio de locomoción que a remolque durante o percorrido. En caso de camión-carroza, non será necesario outro vehículo para remolcar.
- 2.- Estes vehículos a motor deberán contar co permisos de circulación, de inspección técnica (ITV) e os seguros correspondentes, baixo a responsabilidade das persoas que figuren como inscritas.
- 3.- Os choferes deberán contar co permiso de conducir apropiado para cada vehículo, e estará en vigor na data do evento.
- 4.- Os condutores cumprirán o establecido no RD 2822/1998 (Reglamento xeral de condutores). Prohíbese o consumo de bebidas alcohólicas.
5. Os vehículos de arrastre deberán ter cheo o depósito de combustible para evitar problemas durante o percorrido pola cidade.
6. As medidas máximas serán dun longo non superior aos 6 metros, dun ancho non superior aos 2 metros e dun alto non superior a 4 metros. En ningún caso se poderán sobrepasar as medidas establecidas.
7. Non deberán posuír elementos cortantes e deben contar con faldróns que protexan e oculten as rodas.
8. Non se poderá empregar iluminación mediante velas, petróleo, gas ou calquera outro tipo de combustible.
9. Aquelas carrozas que precisen de grupo electrógeno deberano protexer de golpes e inclemencias meteorolóxicas. O seu combustible non se poderá transportar na carroza, deberá ir no vehículo de arrastre convenientemente situado para garantir a seguridade durante o desfile ou nun depósito homologado.
10. Deberase levar un mínimo dun extintor homologado e revisado.
11. Evitarase a utilización de dispositivos lanzachamas e pirotecnia.

SOLICITUDE PARTICIPACIÓN CABALGATA DE ENTROIDO 2022. AS PONTES**DATOS DA PERSOA INTERESADA/REPRESENTANTE**

Nome e apelidos _____

ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enderezo _____

CP _____

Localidade _____

Teléfono _____

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE **Electrónica** a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@ (<https://notifica.xunta.gal>)Notifíquese a: Interesada/o Representante

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. Ao elixir esta modalidade de notificación vostede autoriza a alta no Sistema Notific@. Os avisos da posta á disposición da notificación enviaranse ao correo electrónico e/ou teléfono móbil que se facilitan de seguido:

TELÉFONO MÓBIL: _____

CORREO ELECTRÓNICO: _____

 Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)**CATEGORÍA NA QUE SE INSCRIBE** (Marcar cunha cruz o que proceda)**Persoas Adultos** Grupos ata 10 compoñentes Grupos máis 10 compoñentes Parellas Individual **Infantil** Grupos Parellas Individual **Meniña/os**

Nome do disfrace _____

Nº dorsal _____ Nº persoas participantes (só grupos) _____

Observacións/ descrición do disfrace _____

As Pontes, _____ de _____ de 2022

*De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal; informámoslle que os datos de carácter persoal recollidos neste documento forman parte dun ficheiro automatizado, propiedade do CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, cuxa finalidade é a realización de xestións do servizo có usuario. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, segundo o disposto na lei, poñéndose en contacto co noso Dpto. de Dereitos ARCO no enderezo: Parque Municipal s/n; 15320 – As Pontes de García Rodríguez, (A Coruña).

“BASES CONVOCATORIA PARA ENTIDADES COLABORADORAS – CABALGATA DE ENTROIDO 2022.”

Serán aplicables a estas bases, Lei 38/2003, do 17 de novembro, Subvencións Xerais, Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, que aproba o Regulamento da Lei indicada, así como as Bases para a execución do Orzamento Xeral do Concello para o ano 2021.

1.- Obxecto.

O obxecto destas bases é definir o modelo de participación e pagamento de todos os establecementos e entidades con domicilio social nas Pontes que desexen ser beneficiarios dos vales entregados ás persoas gañadoras na categoría infantil do CABALGATA DE ENTROIDO 2022

2.- Consignación do orzamento.

O orzamento máximo será de 3.125,00 € con cargo á partida orzamentaria 2022.338.48100

3.- Cantidade.

Establécese un modelo de “Vale” para as persoas gañadoras das categorías infantís recollidas nas bases do concurso sumando unha contía de 3.125,00 €. As persoas gañadoras recibirán un vale indivisible e canxeable nun único establecemento dos adheridos previamente a esta convocatoria.

4.- Gastos subvencionables. Considéranse gastos subvencionables todos aqueles derivados da compra de produtos ou servizos ofertados polos establecementos e entidades adheridas a estas bases e que cumpran cos requisitos demandados.

5.- Requisitos:

- Estar ao corrente nas obrigas Tributarias e Seguridade Social (O cumprimento de dito requisito será verificado pola administración municipal).

- Estar ao corrente co Concello de As Pontes. (O cumprimento de dito requisito será verificado pola administración municipal).

- Alta no IAE (O cumprimento de dito requisito será verificado pola administración municipal).

6.- Documentación a achegar:

- Solicitud

- NIF da empresa *

- Designación de conta bancaria segundo o modelo facilitado no Anexo I*

* Esta documentación non deberá presentarse si xa está en posesión do Concello e os datos son os mesmos.

7.- Presentación de solicitudes.

As solicitudes para ser entidade colaboradora deberán presentarse dentro do prazo establecido nestas bases: dende o día seguinte á súa publicación no BOP e ata o 25 de febreiro de 2022. Todas aquelas solicitudes presentadas fóra de prazo serán desestimadas.

8.- Lugar de presentación.

As solicitudes serán entregadas no rexistro do Concello de As Pontes (cita previa nos teléfonos 667129389 / 667129380), sito no Parque Municipal s/n baixo, en horario de atención ó público ou a través da sede electrónica.

9.- Defectos na presentación das solicitudes.

Se a documentación presentada é incorrecta ou incompleta, requirirase ó/á beneficiario/a por escrito a súa rectificación ou rectificacións necesarias, dentro de dez días hábiles a partir do día de recibir o escrito, con indicación que si non presenta a documentación requirida, entenderase por desestimada a súa solicitude.

10.- Facturación e pago dos vales.

Os establecementos deberán entregar obrigatoriamente a facturación dos vales antes das 14.00 horas do día 2 de maio de 2022. As facturas dos establecementos irán a nome do **representante das persoas premiadas que fixo a solicitude de participación na cabalgata**; no concepto da factura constarán os seguintes datos:

- premio e categoría
- nome do disfrace
- nome da/os rapaces premiados (nos grupos non é necesario indicar o nome de todos os participantes)

As facturas presentaranse no rexistro do concello (ou sede electrónica) xunto cos vales trocables para acreditar o gasto detallado do material ou servizo trocado. Unha vez revisado, o Concello recoñecerá a obriga a favor da persoa premiada e ordenará o pago do importe debidamente acreditado a favor da entidade colaboradora.

Anexo I

DESIGNACIÓN DA CONTA BANCARIA E COMUNICACIÓN DE BAIXA DE DATOS BANCARIOS

I. Datos do acreedor/a (deberá acompañar copia do NIF)

NIF	Nome ou denominación social	
Enderezo fiscal		Municipio
Provincia	Código Postal	Teléfono

II. Datos do representante

NIF	Nome
-----	------

III. Alta de datos bancarios

BIC	Código IBAN
-----	-------------

A CUBRIR POLA ENTIDADE DE CRÉDITO

Certifico, a petición da persoa indicada en "I. Datos do acreedor" e para os efectos da domiciliación dos importes que á mesma lle vaia ordenar a Tesourería Municipal do Concello das Pontes de García Rodríguez, a existencia da conta referenciada en "III. Alta de datos bancarios", aberta a nome do titular que se indica no citado apartado "I. Datos do acreedor".

POLA ENTIDADE DE CRÉDITO

(Selo da entidade de crédito)

Asdo.: _____

IV. Baixa de datos bancarios

BIC	Código IBAN
-----	-------------

(Sinatura do acreedor/a ou persoa representante)

_____, ____ de _____ de _____ Asdo.: _____

3º- Ordenar a inserción das citadas bases no boletín oficial da provincia.

Acordouno e asíno o concelleiro delegado da Área de Contratación e Cultura

Vicente Roca Uceira

As Pontes de García Rodríguez, 8 de febreiro de 2022

2022/678